



CIRCULAR 11-2024.

IX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING (Classic) INDIVIDUAL E DE CLUBS.

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo, coa colaboración do Concello de Muros e do club Serres Runners, organiza o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running no concello de Muros o día 18 de febreiro de 2024.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 16 e superiores que teñan licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> con límite ata o luns 12 de febreiro ás 20:00 horas.

Art. 4).- Horario, distancia e lugar de saída ([perfís ao final do documento](#))

Ubicación do lugar de SAÍDA da proba:

- Instituto de As Insúas (Serres) <https://goo.gl/maps/pRa57qi4eJ12>

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL *
08:35	08:50	09:00	23 km aprox	1200 m + aprox	Sub 23, Sénior e Máster	4 horas
09:05	09:20	09:30	15 km aprox	690 m + aprox	Sub 20	3,5 horas
09:10	09:25	09:35	7,8 km aprox	460 m + aprox	Sub 16 e Sub 18	2 horas

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Material obrigatorio

O material estará revisado polo Comité Galego de Xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

Listaxe de material obrigatorio:

- ❖ Poderase modificar na semana do Campionato, atendendo á climatoloxía.
 - Dorsal visible no peito
 - Manta térmica
 - Chifre
 - Teléfono móbil operativo
 - Sistema de hidratación (mínimo de 0,5 litros na saída)
 - Chaqueta impermeable ou curta ventos

Art.7).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.8).- Avituallamentos:

Haberá puntos de avituallamento nos seguintes puntos:

Avituallamento 1	Líquido e sólido – km 7 aprox.
Avituallamento 2 (só na distancia longa)	Líquido e sólido – km 15 aprox.
Avituallamento Meta	Líquido e sólido

- A asistencia externa non estará permitida en ningún punto do percorrido, inclusive nos abastecementos.
- A proba Sub 16 e Sub 18 realizarase en autosuficiencia.

Art.9).- Clasificación por clubs:

- Confeccionarase, para cada sexo, unha listaxe por orde de chegada, conformada polas 5 primeiras persoas que cheguen a meta de cada equipo e excluindo desta a aquelas persoas cuxos equipos non cheguen a meta con 3 integrantes.
- Atribuiráselle a cada atleta un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo a citada listaxe.
- A puntuación do equipo obterase pola suma de puntos dos 3 mellores clasificados/as de cada equipo (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a).
- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo terceiro/a atleta teña finalizado máis preto do gañador/a da proba



Art.10).- Premios

- Entregarase medalla aos/as tres primeiros/as atletas de cada categoría Máster, Sub 23 , Sub 20 e absolutos.
- Entregarase trofeo aos tres primeiros clubs absolutos masculinos e femininos.

No caso de non acudir ao podio non se entregará o premio.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Inscricións fora de prazo:
 - o Deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración:
 - Individuais: 10 € por atleta.
 - Clubs: 25 € por equipo.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 10 de xaneiro de 2024

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo



Federación
Galega de
Atletismo



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500




DEPORTE
GALEGO

Percorrido e perfil Classic: 23k +1200m


Campionato Xunta de Galicia Individual Sub 23, Absoluto e Máster

Campionato Xunta de Galicia Absoluto de Clubs



Percorrido e perfil Trail Preclassic: 15k +690m

Campionato Xunta de Galicia Individual Sub 20



Percorrido e perfil Trail Preclassic Junior: 7,8k +460m

Campionato Xunta de Galicia Individual Sub 16 e Sub 18

